RESUMO DE CONTIDOS

Índice

1. Introdución....2
2. A globalización....2
3. Interculturalidade....3
4. Fluxos migratorios....4
5. Os estados....4
6. As organizacións internacionais....6
A ONU....7
A UE....8
7. O Estado español....9

1. Introdución

Vivimos nun mundo globalizado onde os feitos nun lugar poden influír en calquera parte do planeta. Neste contexto, destacan os movementos migratorios e a interculturalidade, que transforman a sociedade, a cultura e a demografía. É esencial comprender que son os estados, as súas funcións e institucións, así como os organismos internacionais, especialmente a ONU e a UE, que promoven a paz, os dereitos humanos e a cooperación. Finalmente, estúdase o Estado español, a súa estrutura e organización territorial.

2. A globalización

A globalización é un proceso histórico, social, cultural e tecnolóxico que conecta o planeta enteiro, facendo que se fale dunha auténtica "aldea global" na que se intercambian bens, servizos, capitais, tecnoloxías, información e persoas. A interconexión entre distintas áreas do mundo sempre existiu, pero desde mediados do século XX acelerouse debido a factores como:

- A modernización dos medios de transporte, que os fixo máis rápidos e baratos.
- A expansión das TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación), que permiten o fluxo instantáneo de información ou transaccións financeiras.
- A sinatura de tratados comerciais internacionais que facilitaron o tránsito de mercadorías.

Presenta múltiples aspectos:

- Ámbito económico: caracterízase pola liberalización do comercio e a redución de barreiras, facilitando o intercambio de produtos e investimentos entre países. Isto impulsou o crecemento das empresas multinacionais, aínda que algunhas potencias, como EUA empezaron recentemente a aplicar políticas proteccionistas para protexer a súa economía interna. A globalización económica promove a creación de mercados mundiais nos que se poden adquirir produtos de calquera parte do planeta e impulsa o crecemento das empresas multinacionais, que instalan fábricas e centros de produción en distintos continentes.
- Ámbito cultural: a comunicación global, as redes sociais, o turismo e as migracións permiten un maior intercambio cultural, coñecendo costumes, linguas e tradicións doutras partes do mundo e enriquecendo así a diversidade cultural.
- Ámbito tecnolóxico e comunicativo: o avance das TIC e de Internet posibilita comunicacións instantáneas, reunións virtuais e o comercio electrónico, ademais de facilitar a formación e a colaboración entre persoas e empresas de distintos países.
- Ámbito político: a globalización promove a cooperación internacional mediante organismos como a ONU, a UE ou a OMC, que impulsan a paz, os dereitos humanos e a toma de decisións conxuntas nun mundo interconectado.

- Ámbito social e ambiental: a expansión económica e o aumento do consumo xeran consecuencias como desigualdades sociais e danos ambientais, entre eles a perda de biodiversidade e a sobreexplotación de recursos. Por iso, é fundamental xestionar o proceso globalizador para aproveitar os seus beneficios e reducir os seus riscos.

Comprender o proceso da globalización e as súas consecuencias resulta fundamental para poder aplicar medidas que aumenten os seus beneficios e reduzan os seus riscos.

A continuación preséntase unha síntese dos principais efectos positivos e negativos deste fenómeno.

INFLUENCIAS DA GLOBALIZACIÓN	
POSITIVAS	NEGATIVAS
A globalización pode... • Promover o crecemento económico. • Fomentar o comercio internacional. • Xerar emprego. • Facilitar o acceso a bens e servizos máis variados. • Impulsar a innovación tecnolóxica....	A globalización pode... • Acrecentar as diferenzas de desenvolvemento entre os países ricos e pobres, e entre os cidadáns de cada país. • Aumentar a dependencia económica dos países menos desenvolvidos. • Prexudicar ás pequenas empresas por non poderen competir coas grandes multinacionais. • Limitar a soberanía dos Estados....

No proceso de globalización non todos os países teñen o mesmo poder nin as mesmas vantaxes. Os máis pobres, sobre todo os do Sur Global, dependen das multinacionais estranxeiras, ás que ofrecen man de obra barata e recursos naturais, mentres os beneficios se concentran nos países ricos; isto coñécese como **intercambio desigual**. A presión para reducir os custos do traballo tamén se traslada aos países máis desenvolvidos.
Esta desigualdade tamén xera conflitos polo control dos recursos, especialmente en África, rica en minerais e materias primas, onde mesmo se compran terras de cultivo para garantir o abastecemento doutros países.
Ademais, a globalización provoca **impactos ambientais e sanitarios**, como a expansión de especies invasoras a través do comercio e a rápida propagación de enfermidades, exemplificada pola pandemia da COVID-19.

3. Interculturalidade

A interculturalidade é a convivencia e a relación respectuosa entre persoas de culturas diferentes, baseada no respecto, na igualdade e no intercambio de valores e de costumes, mantendo o respecto ás normas democráticas. Supón un paso máis alá da multiculturalidade, xa que promove o diálogo e o recoñecemento mutuo entre culturas. Defende que a diversidade cultural enriquece a sociedade, resultado da mestizaxe histórica que favoreceu intercambios lingüísticos, artísticos e sociais.

Diversidade e mestizaxe
A convivencia entre culturas distintas pode xerar conflitos, como os enfrontamentos entre maiorías e minorías étnicas ou as discriminacións lingüísticas. A interculturalidade busca

resolver estas situacións mediante o diálogo e a educación, fomentando a tolerancia e o respecto. En España avanzouse na integración de minorías, aínda que persisten retos e actitudes racistas ante os novos fluxos migratorios.

Contribucións da interculturalidade

- Enriquece a sociedade e fortalece a cohesión social.
- Estimula a innovación e a aprendizaxe ao reunir diferentes perspectivas.
- Reduce os prexuízos, fomenta a empatía e combate o racismo e a xenofobia.

4. Fluxos migratorios

A globalización favoreceu a mobilidade da poboación a nivel mundial, poñendo en contacto culturas distintas e sendo un factor clave da multiculturalidade. Nos últimos anos cambiou a dirección das migracións: antes predominaban os movementos do resto do mundo cara a Europa e Estados Unidos; actualmente destacan fluxos intracontinentais con motivación económica.

Principais fluxos migratorios actuais:

- Dentro de Europa e cara ela: movementos do leste ao oeste, favorecidos pola libre circulación na UE. A eles súmase a inmigración desde Latinoamérica, Norte de África e Asia Occidental.
- De Latinoamérica a América do Norte**:** especialmente desde México cara aos Estados Unidos, un dos fluxos máis masivos do mundo.
- De Asia Meridional a Asia Occidental: desde India, Paquistán e Bangladesh cara aos países do Golfo Pérsico, con predominio de homes, e tanto en traballo cualificado como non cualificado, reflectido nas pirámides de poboación.
- De Asia a América do Norte**:** fluxo destacado polo elevado volume da poboación asiática e a procura de oportunidades económicas.

Europa e Estados Unidos levan décadas acollendo inmigrantes, polo que o número de residentes estranxeiros e descendentes de inmigrantes é elevado. Aínda así, a integración da poboación de segunda ou terceira xeración segue a presentar retos en moitos países europeos.

5. Os estados

Segundo o dicionario da RAE, un Estado é un país soberano, recoñecido como tal na orde internacional, asentado nun territorio e dotado de órganos propios de goberno.

a) Un Estado está formado por:

- A poboación: un conxunto de cidadáns que contan con dereitos e con obrigas.
- O territorio no que vive a poboación e sobre o que o Estado ten autoridade (abrangue as fronteiras do país, o seu espazo aéreo e as augas territoriais).

- As leis: normas ás que están sometidos todos os cidadáns.
- As institucións: conxunto de órganos e entidades para administrar o estado.
- Os símbolos que o identifican: himno, bandeira e escudo.

b) As principais funcións dun Estado son:

- Dirixir as relacións internacionais. Para iso fúndanse embaixadas, consulados....
- Garantir a seguridade nacional mantendo a orde pública no interior e defendendo as fronteiras exteriores.
- Establecer o marco legal no que se desenvolve a actividade económica e definir as grandes liñas da política económica.
- Proporcionar servizos básicos á cidadanía: educación, sanidade, seguridade...

Para levar a cabo estes cometidos o Estado necesita recursos económicos, que se obteñen fundamentalmente a través dos impostos.

c) Tipos de Estados:

1. En función do seu sistema político distínguense:
    - Monarquías: o xefe ou xefa de Estado é un rei ou unha raíña. O cargo é hereditario e vitalicio. Exemplo: España.
    - Repúblicas: o xefe ou xefa de Estado é un presidente ou unha presidenta, a quen se elixe en eleccións presidenciais por un tempo determinado. Exemplo: Italia.

2. Segundo a súa forma de goberno diferéncianse:
    - Estados democráticos
      Caracterízanse polos seguintes aspectos:
        - ➢ Existe división de poderes para que unha persoa, ou un pequeno grupo, non poida controlar todo un Estado. Os tres poderes do estado, independentes entre si, son:
            - ❖ Lexislativo (elabora as leis): reside no parlamento.
            - ❖ Executivo (executa as leis): reside no Goberno.
            - ❖ Xudicial (aplica as leis): corresponde aos xuíces e maxistrados.
        - ➢ Participación cidadá: os cidadáns participan no goberno a través das eleccións libres, nas que escollen os seus representantes.
          As eleccións para poder ser consideradas válidas deberán observar os seguintes requisitos:
            - ❖ Basearse no sufraxio universal (poden votar todas as persoas maiores de idade, sen distinción).
            - ❖ Permitir que persoas e partidos se presenten libremente.
            - ❖ Garantir que os programas electorais sexan públicos.
            - ❖ Asegurar que se celebren periodicamente.
            - ❖ Ter resultados limpos e contrastables.
        - ➢ Dereitos e liberdades: están recoñecidas, entre outras, as liberdades de expresión, reunión e asociación.

- Igualdade ante a lei: todas as persoas, sen excepción, teñen a obriga de cumprir as leis, que son iguais para todos.

- As ditaduras: defínense polas seguintes características:
  - Todos os poderes propios dun Estado están nas mans dunha persoa ou dun pequeno grupo.
  - A cidadanía non participa no goberno.
  - Non se recoñece un catálogo de dereitos e liberdades.
  - O goberno emprega a represión para perseguir e controlar a oposición.

3. Segundo a súa distribución territorial do poder identifícanse:
   - Estados centralizados: a maior parte das decisións tómaas o goberno central, as autoridades rexionais e locais teñen pouca capacidade de decisión e as leis son moi homoxéneas en todo o territorio. Exemplo: Francia.
   - Estados descentralizados: o poder está repartido entre goberno central e gobernos locais ou rexionais. Cada territorio pode gozar de autonomía para decidir sobre diversos temas e aprobar leis propias. Exemplo: España.

4. Dependendo da organización relixiosa sinálanse:
   - Estado laico: non existe vinculación entre o Estado e as diferentes relixións. Exemplo: Francia.
   - Estado aconfesional: non hai unha relixión oficial do estado, que recoñece liberdade de culto e pode manter acordos coas diferentes relixións. Exemplo: España.
   - Estado confesional: hai unha relixión oficial, pero permítese practicar libremente outras. Exemplo: Gran Bretaña (anglicanismo).
   - Estado teocrático: o poder político está en mans de líderes relixiosos e as leis están baseadas nos libros sagrados. Exemplo: Irán.

6. As organizacións internacionais

De forma voluntaria distintos países poden asociarse para crear organizacións internacionais coa finalidade de tratar diversas cuestións de interese común.

Existen organizacións internacionais de natureza ben diversa:

- De alcance mundial: como a Organización das Nacións Unidas (ONU).
- De ámbito rexional, con países dunha mesma área do mundo. Pode ser só para unha coordinación xeral, como a Organización de Estados Americanos (OEA), ou cunha integración moi fonda, como a Unión Europea (UE).
- De ámbito especializado: como a Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN), de carácter militar.

A ONU

Dado o seu carácter universal e a súa ampla variedade de funcións, a ONU é a organización plurinacional máis importante. Fundouse despois da II Guerra Mundial, na Conferencia de San Francisco (1945), cunha idea central: manter a paz no mundo.
Na actualidade forman parte deste organismo 193 países con dereito a voto e dous coa condición de observadores permanentes: a Santa Sede e Palestina.

a) Obxectivos da ONU
   Os obxectivos básicos son:
   - O mantemento da paz no mundo
   - A defensa do dereito dos pobos a ter o seu propio goberno
   - A defensa dos dereitos humanos
   - O impulso do desenvolvemento social e económico mundial

b) Os órganos de goberno da ONU
   Os máis salientables son:
   - Secretaría: principal órgano administrativo da institución, está presidida polo Secretario ou Secretaria Xeral.
   - Asemblea Xeral: principal órgano de debate, composto polos representantes de todos os Estados membros.
   - Consello de Seguridade: responsable do mantemento da paz e da seguridade internacional, e de aprobar as resolucións da ONU. Está constituído por delegacións de 15 países: 5 deles con carácter permanente e con dereito a veto (China, Estados Unidos, Francia, Reino Unido e Rusia); e dez non permanentes que son elixidos para un período de dous anos pola Asemblea Xeral.

A ONU conta tamén con organismos especializados para fomentar a cooperación internacional, impulsar un desenvolvemento sostible e favorecer a paz mundial. Entre os máis significativos figuran:

- OIT (Organización Internacional do Traballo): busca acadar melloras no eido laboral.
- FAO (Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación): pretende mellorar a alimentación, reducir a fame no mundo e fomentar a agricultura sostible.
- UNESCO (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura): aspira a potenciar a cooperación internacional nos ámbitos da educación, comunicación, cultura e ciencia.
- UNICEF: (Fondo das Nacións Unidas para a Infancia): é a axencia da ONU encargada de protexer os dereitos das nenas, dos nenos, das adolescentes e dos adolescentes e asegurar o seu benestar.

c) Os puntos débiles da ONU
   Tres son as debilidades máis significativas que ten a Organización das Nacións Unidas:
   - Non conta cun orzamento propio, senón que depende das achegas económicas voluntarias dos socios.

- Non ten un exército propio. Os cascos azuis, forza militar da ONU encargada de manter a paz sen poder nunca agredir, son soldados cedidos de maneira temporal polos Estados membros.
- A existencia do dereito a veto dos países con presenza permanente no Consello de Seguridade que lle permite poder paralizar calquera decisión adoptada polo resto dos seus integrantes: China, Francia, Reino Unido, Rusia, Estados Unidos.

A UE

a) O camiño percorrido

Rematada a II Guerra Mundial algúns países europeos viron a necesidade de cooperar para garantir a paz, tentar mellorar o seu desenvolvemento económico e poder competir cos Estados Unidos.
En 1957 o Tratado de Roma creou a Comunidade Económica Europea, con 6 países e unha finalidade económica: comerciarían libremente entre eles. A ela fóronse incorporando diferentes países, entre eles España en 1986.
En 1992 o Tratado de Maastricht deu orixe á actual Unión Europea (UE). Os seus obxectivos eran moito máis ambiciosos:

- O establecemento da cidadanía europea para nacionais dos estados membros.
- A creación da Unión Económica e Monetaria (UEM) que suporía co tempo a orixe dunha moeda única, o euro (€). Este entrou en circulación en 2002.
- A cooperación en política exterior e seguridade comúns (PESC)
- Reforzo da cooperación en xustiza e asuntos internos (inmigración, asilo...).

A UE chegou a contar con 28 estados, pero Reino Unido abandonouna en 2020, tras un referendo celebrado en 2016. Hoxe está formada por 27 estados.

b) As institucións comunitarias

Todos os Estados membros ceden parte da súa soberanía a unhas institucións comúns que representan os intereses da Unión. Nos momentos iniciais só buscaba coordinar temas económicos; co paso do tempo a colaboración estendeuse a moitos outros ámbitos: xustiza, seguridade, dereitos, educación...
Reparade no seguinte cadro, nel aparecen as principais institucións comunitarias.

INSTITUCIÓN	FUNCIÓNS PRINCIPAIS	COMPOSICIÓN
Consello Europeo	Máximo órgano político. Define as liñas políticas da UE. Non aproba leis.	Xefes ou xefas de Estado ou de Goberno dos 27 países + Presidente ou Presidenta da Comisión Europea.
Consello da UE	Representa os gobernos nacionais, aproba leis e orzamento xunto ao Parlamento. Tamén coordina políticas nacionais.	Ministros e ministras de cada país (segundo a materia tratada). Exemplo: Consello de Agricultura.
Parlamento Europeo	Aproba leis e orzamento xunto ao Consello da UE, e supervisa a Comisión.	720 escanos (59 de España) máis a presidencia. A cidadanía europea elixe directamente as eurodeputadas e os

		eurodeputados, que se agrupan por afinidade política.
Comisión Europea	Representa os intereses da UE no seu conxunto. Propón leis, executa políticas e vela polo cumprimento dos tratados.	27 comisarios e comisarias (1 por país), incluída a Presidencia. O Consello propón o seu nomeamento, que debe aprobar o Parlamento.
Tribunal de Xustiza	Garante o cumprimento das leis europeas e resolve disputas entre os países.	27 xuíces e xuízas (1 por Estado membro).
Tribunal de Contas	Controla o uso correcto dos fondos.	27 membros independentes (1 por país) nomeados polo Consello.
Defensor ou Defensora do Pobo	Investiga as denuncias dos cidadáns europeos contra a mala administración dos órganos da UE.	O parlamento elixe á persoa que ocupará o cargo para un período de 5 anos.

De todas as institucións europeas, só o Parlamento é elixido polos cidadáns.

c) Orzamento

A Unión Europea conta cun orzamento aprobado polo Parlamento. Para que sexa solidario, os estados achegan segundo a súa riqueza, e reciben segundo as súas necesidades. Algúns estados reciben máis do que achegan, e outros ao contrario. España estivo moito tempo no primeiro caso, pero xa hai anos que achega máis do que recibe.

Con este orzamento finánciansе as políticas europeas, destacando polo seu volume e repercusión:

- A Política Agraria Común (PAC), conxunto de normas e de axudas da UE para apoiar o sector agrario.
- A Política Pesqueira Común, para xestionar de maneira sostible os recursos mariños e garantir o futuro do sector pesqueiro.
- A Política Rexional, da que tes información a continuación.

d) Política rexional

Para corrixir os desequilibrios de desenvolvemento entre os 27 Estados membros, (máis evidentes tras a ampliación da Unión cara o Leste) a UE destina arredor do 35% do orzamento á política rexional, que se concreta nos chamados fondos estruturais:

- Fondo Social Europeo (FSE): creado para mellorar a formación dos traballadores e reducir o desemprego.
- Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER): ten como finalidade apoiar investimentos en infraestruturas, innovación e investigación.
- Fondo de Cohesión (FC): financia proxectos medioambientais e de redes transeuropeas nos Estados membros cunha renda *per cápita* inferior ao 90% da media da UE.

7. O Estado español

En 1975 iniciouse a transición cara a democracia. Elemento clave foi a aprobación da Constitución de 1978, a lei fundamental do Estado.

As características básicas do Estado segundo o texto constitucional son as seguintes:

- Soberanía nacional: o poder reside no pobo, que o delega nos seus representantes elixidos nas eleccións.

- División de poderes: o poder do Estado está dividido entre tres (lexislativo, executivo e xudicial) para evitar a concentración nun só.
- Monarquía parlamentaria: España é un reino e a xefatura do Estado corresponde á ou ao monarca. A Coroa está sometida ao control do Parlamento e do Goberno.
- Estado social: o Estado garante o benestar, a través dos servizos básicos e da seguridade social, e promove a igualdade.
- Estado democrático: os cidadáns participan, mediante as eleccións, no goberno.
- Estado de dereito: toda a cidadanía está sometida ás mesmas leis.
- Dereitos e liberdades: garántense súa protección.

a) Organización institucional de España

O seguinte cadro amósavos, dunha maneira resumida, as principais institucións españolas.

INSTITUCIÓN	PERSONIFICACIÓN	NÚMERO DE MEMBROS	FUNCIÓN PRINCIPAL	FORMA DE DESIGNACIÓN
Xefatura do Estado	**Monarca**	1	Representación do Estado, unidade nacional e función moderadora.	Hereditaria.
Poder Lexislativo	**Congreso** e **Senado**	350 deputados e deputadas + 265 senadores e senadoras.	Elaboración de leis, elección da presidencia do Goberno, control ao Goberno e aprobación de orzamentos.	Elección por sufraxio universal (cada 4 anos ou antes por disolución).
Poder Executivo	**Goberno**	Número variable de ministerios máis a presidencia .	Dirección da política interior e exterior, administración civil e militar.	O Congreso elixe a Presidencia do Goberno, que á súa vez designa ás ministras e aos ministros.
Poder Xudicial	**CGPJ** (siglas en castelán do *Consejo General del Poder Judicial*)	Xuíces e xuízas que constitúen os tribunais.	Garantir a independencia xudicial e aplicar a xustiza.	Xuízas e xuíces: por oposición. CGPJ: elixido polas Cortes Xerais .

b) A organización territorial

España organízase en **municipios, provincias e comunidades autónomas**, cada un coas súas competencias e órganos de goberno.

1. Administración municipal:
Os municipios ou concellos son a unidade administrativa máis pequena, formados por un ou varios núcleos de poboación e o seu territorio (termo municipal). España ten 8.132 municipios (313 en Galicia). O goberno do municipio é a corporación municipal, presidida por un alcalde ou alcaldesa a quen elixen as concelleiras e os concelleiros, á súa vez votados pola cidadanía. Entre as súas funcións destacan policía local, recollida de lixo, tráfico e ordenación urbanística.

2. Administración provincial:
As provincias agrupan varios municipios e España conta con 50 provincias (4 en Galicia),

gobernadas por Deputacións provinciais, cuxos membros son elixidos polos concellos. Encárganse de coordinar municipios pequenos, xestionar servizos supramunicipais, asesorar concellos e distribuír fondos. Nos arquipélagos, non hai deputacións, senón Cabidos en Canarias e Consells en Baleares.

3. Administración autonómica:
Tras a Constitución de 1978, adoptouse un modelo descentralizado con 17 comunidades autónomas e dúas cidades autónomas (Ceuta e Melilla). Cada comunidade ten un Estatuto de Autonomía, que regula o seu autogoberno, límites, competencias e institucións. As competencias son as responsabilidades que ten unha comunidade autónoma para xestionar e lexislar sobre determinados asuntos. Poden se exclusivas ou estar compartidas co goberno central.

As institucións de autogoberno dunha comunidade autónoma son as seguintes:

INSTITUCIÓNS DE AUTOGOBERNO		
Institución	**Composición**	**Funcións**
Poder Lexislativo. Asemblea. En Galicia: Parlamento de Galicia.	Deputadas e deputados que a cidadanía elixe por sufraxio universal nas eleccións autonómicas por un período de 4 anos. Galicia: 75 escanos.	Aprobar leis. Aprobar orzamentos. Controlar o goberno. Nomear presidente do Goberno.
Poder executivo. Goberno. En Galicia: Xunta de Galicia.	Presidencia. A persoa que preside o goberno é elixida polo Parlamento ou Asemblea A presidencia elixe os membros do goberno, en número variable. En Galicia os membros do goberno son chamados conselleiros e conselleiras.	Funcións da presidencia: Representar a comunidade. Formar e dirixir o goberno. Funcións das consellerías: Executar as leis aprobadas pola Asemblea.
Poder xudicial. Tribunal Superior Xustiza. En Galicia: Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.	Maxistrados e maxistradas por designación do CGPJ. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ten a súa sede na Coruña.	Órgano xudicial superior dunha comunidade.

En cada comunidade hai unha Delegación do Goberno, por designación do executivo central, que ten entre outras a misión de coordinar as políticas centrais e autonómicas e a de dirixir a Policía e a Garda Civil.

Os desequilibrios territoriais
As comunidades autónomas son moi distintas entre si en diversos aspectos:

- Diferenzas de extensión: A comunidade máis extensa, Castela e León, é case 19 veces máis grande que a máis pequena, Illes Baleares.
- Diferenzas demográficas: A comunidade máis poboada é Andalucía, con case 30 veces máis habitantes que a menos poboada, A Rioxa.
- Diferenzas económicas: existen notables diferenzas territoriais no relativo ao nivel de desenvolvemento e á renda *per cápita*. Madrid, País Vasco e Navarra son as que

teñen PIB pc máis elevado, e Estremadura e Andalucía máis baixo. Galicia ocupa unha posición intermedia.

Coa finalidade de garantir a solidariedade interterritorial que proclama a Constitución. e corrixir os desequilibrios entre as autonomías, o Estado conta con diversos mecanismos. Os máis importantes son:

- Fondo de Compensación Interterritorial (FCI): fondos que reciben as comunidades menos desenvolvidas para reducir desigualdades. Os recursos proveñen dos Orzamentos do Estado.
- Fondos europeos de cohesión e estruturais: proceden da UE para axudar ás rexións con menor renda *per cápita* a modernizar infraestruturas, fomentar a innovación e crear emprego.
- Incentivos fiscais: en zonas especiais (como illas ou rexións desfavorecidas), aplícase unha política fiscal máis favorable para atraer empresas e investimentos.

"Amadou, da guerra á escola", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0